

MENCIONS HONORIFICAS

Mentes distintas
miradas que se cruzan.
Xamais falarán.

Sindy González
IES Terra de Turonio

Está ben oílo,
está ben telo,
e non falalo...?

Natalia Zapata
IES Escolas Proval

Na cereixeira
Remuíño de vento.
Tempo colexial.

Alicia Grandío
IES Auga da Laxe

Ao decreto
Lingua fóra,
o dente traba con saña nela,
os resortes volven cara atrás.

Aldán López
IES Terra de Turonio

Ghai cu
Ghelou costas
Bai peitos

Norma Carbajo
IES Terra de Turonio

É como a neve,
o amor derrete e cae
só cando quere.

Belén Sobrado
IES Auga da Laxe


Luz prateada,
luz que nos guía na noite
Luz da lúa

Sergio Da Rocha
IES Val Miñor

As follas das árbores
caen mortas polos
disparos do outono

Basilio Pazos
IES Auga da Laxe

1º concurso de HAIKUS do Val Miñor



Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística
Departamentos de Lingua Galega

IES Auga da Laxe IES Escolas Proval
IES Terra de Turonio IES Val Miñor

21 de maio de 2010

1º PREMIO

Entre as verdes follas,
o devagar
dunha xoaniña vermella.

Mañá de verán,
no ceo gaivotas,
no aire ulido a sal.

Pechar os ollos,
e escoitar o silencio
que a herba asubía.

O ceo tornou laranxa,
co atardecer,
o canto dos grilos.

Trala tormenta,
ulido a terra mollada.
Tardes de outono.

Pseudónimo: Dulcinea
Patricia Molinos Fernández
IES Val Miñor

2º PREMIO IES VAL MIÑOR

Unha ave esmorece,
de soidade,
entre as pólas.

Día chuvioso e soleado,
diferentes cores amosando,
é o arco da vella.

Unha folla cae
sobre as demais,
a póla queda núa.

Unha onda doce,
no mar amargo
da vida.

Os paxaros calan,
as flores morren,
cae a noite.

Pseudónimo: Juan Carrido
Ricardo Esteban González
IES Val Miñor

Frío no verán
calores no inverno.
Morrer sen velo.

Chorar e chorar
chover tanto e chover.
A auga corre.

Beizos vermellos
rosas diante da porta.
Ule ao amor.

Sorrisas brancas.
Bágoas nos teus ollos.
Todo poemas.

Aloumiños suaves
letras con sabor a mar.
Es ti galego?

Pseudónimo: Teru
Lara Teruel Carrera
IES Terra de Turonio

ESPERA

A túa volta
Pesa cada vez máis.
Absurda espera.

Días grises
Súmanse no meu tempo.
Aburrida rutina.

Anos perdidos
Nunca falsa esperanza.
Ganas de voar.

Novos días
Chaman na miña porta.
Fin da espera.

Cores e sons
Decoran o meu tempo.
Hora de voar.

Pseudónimo: Oiseau
Rebeca Tizón Rey
IES Terra de Turonio

2º PREMIO IES AUGA DA LAXE

Néboa escura, claro o sentimento

Vermella e negra
a se tempunctata
Voa xoaniña

Nauja verán
sol no atardecer
libre veleiro

Os ollos doces
Meixelas estreladas
Noite de verán

Á espreita
o lobo solitario
Lúa chea

Noite estrelada
Solitario camiñar
Serra da Groba

Pseudónimo: Chocolate
Sabela Vilar Estévez
IES Auga da Laxe

2º PREMIO IES ESCOLAS PROVAL

NÓS OS DOUS

Un veo azul
pare paxaros que voan
cun sorriso pintado.

Branca de neve,
vermella de sangue,
o amor non ten cor.

Voa cara a min,
quero bailar
nas túas ás.

Ela mira a lúa,
a lúa sorrille,
eponse nerviosa.

Boureo de xente,
risas a esgalla
eu triste e só.

Pseudónimo: Osiño azul
Noelia Ríos Domínguez
IES Escolas Proval